

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 22 DE  
MARZO DE 2019.

Asistentes

ALCADESA:

M.<sup>a</sup> CRISTINA CID FERNÁNDEZ

CONCELLEIROS

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ  
M.<sup>a</sup> TERESA DEVESA GRAÑA  
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ  
M.<sup>a</sup> ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ  
MANUEL CID PÉREZ  
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA  
OLGA QUINTANA DEVESA

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ  
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PsdeG-PSOE:

--

SECRETARIO:

MAXIMINO JARDÓN PEDRAS

---\*\*\*---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Allariz, cando son as vinte horas (20.00) do día vintedous de marzo do dous mil dezanove, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros relacionados no encabezamento, baixo a presidencia da Sra. Alcadesa, D<sup>a</sup>. M.<sup>a</sup> Cristina Cid Fernández, a fin de celebrar unha sesión extraordinaria polo Pleno da Corporación.

Esta sesión, previo acordo dos grupos municipais, substitúe á sesión ordinaria do 29/03/2019. Na orde do día inclúense os asuntos propios dunha sesión ordinaria

Non asistiron á sesión as concelleiras que a continuación se indican, quenes previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais:

M.<sup>a</sup> ISABEL POISA REY , *concelleira do BNG.*  
ZAIDA AUXILIADORA RODRÍGUEZ CAMBA, *concelleira do PSdeG-PSOE.*

Sen incidencias.

En cumprimento do acordo adoptado polo Pleno desta Corporación na sesión do 26 de outubro de 2018, en materia de administración electrónica, na que se aprobou a adaptación dos libros de actas e de resolucións a soporte electrónico, a gravación da presente sesión vai efectuarse en modo audio e vídeo que recollerá a literalidade das intervencións. Todos os concelleiros e concelleiras poderán ter acceso directo á dita gravación a través da URL <https://www.youtube.com/watch?v=ZJdIEavFNkI>

Segundo o citado acordo plenario, ademais dos demais datos preceptivos, a acta reflectirá o contido dos acordos alcanzados.

As gravacións íntegras da sesión quedan depositadas en Secretaría a disposición de todos os membros da Corporación.

### ORDEN DO DÍA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 22.02.2019.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Procedemento aberto e trámite ordinario para a concesión do servizo do restaurante "Fábrica de Vilanova".- Aprobación das bases reguladoras e convocatoria.**
4. **Pacto dos alcaldes para o clima e a Enerxía.- Adhesión á iniciativa europea.**
5. **Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a implantación da historia social única electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.- Adhesión, se procede.**
6. **Moción do PP sobre a supresión de Barreiras Arquitectónicas no noso Concello**
7. **Rogos e preguntas.**

---\* \* \*---

**1. ACTAS.- Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión celebrada o 22.02.2019.**

Apróbase pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local, sen modificación algunha.

**2. Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala a Alcaldesa.

### **3. Procedemento aberto e trámite ordinario para a concesión do servizo do restaurante "Fábrica de Vilanova".- Aprobación das bases reguladoras e convocatoria.**

Visto o expediente do que deu conta a Alcaldesa, do que resulta que:

Iniciado o procedemento de contratación para a concesión do servizo de restaurante "Fábrica de Vilanova" por acordo do Pleno da Corporación de data 26 de outubro de 2018, con fecha 10/12/2018, constituíuse a mesa de contratación que realizou proposta de adxudicación a favor de SERVICIOS HOSTELEIROS ARZÚA, S.L, único licitador que presentou oferta para participar no procedemento.

Requirida ao licitador a documentación relativa á constitución da empresa, acreditación do poder do representante, certificado do cumprimento de estar ao corrente coas obrigas tributarias e a Seguridade Social e xustificación da constitución de garantía por importe de 5.000 euros, o licitador non presentou a citada documentación no prazo concedido ao efecto.

A vista de que foi o único licitador que acudiu ao procedemento, faise necesario iniciar un novo procedemento para proceder á contratación da concesión do servizo de restaurante "Fábrica de Vilanova", introducindo no prego de cláusulas administrativas unha garantía provisional por valor de 2.000 euros para garantir a seriedade das ofertas, o resto das cláusulas non sofren variación algunha con respecto á primeira licitación.

O Pleno, pola maioría absoluta legal, co voto favorable do BNG (8), e co voto en contra do PP (3), ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adxudicación, para a xestión do servizo público de Restaurante de Vilanova, incluído o mantemento das instalacións do inmovible.

A explotación do servizo realizarase mediante a modalidade de concesión pola que o empresario xestionará o servizo ao seu propio risco e ventura.

SEGUNDO. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato.

TERCEIRO. Publicar no Perfil de contratante anuncio de licitación, para que durante o prazo de quince días aos efectos de presentar as proposicións que estimen pertinentes.

CUARTO. Facultar á Alcaldesa, tan amplamente como en dereito proceda para que proceda á execución deste acordo.

### **4. Pacto dos alcaldes para o clima e a Enerxía.- Adhesión á iniciativa europea.**

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa

meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométense a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

- 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación;
- 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático;

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcaldesa do Concello de Allariz recoñezo que o noso compromiso esixe:

Un liderado político forte:

- Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
- Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

Un enfoque territorial integral e intersectorial.

A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

1. O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
2. O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.

Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu **Dña** Cristina Cid Fernández alcaldesa desta Corporación, comprométome a:

- Reducir as emisións de CO<sub>2</sub> no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.
- Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.
- Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.
- Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.
- Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.
- Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e regionais da Unión Europea.
- Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.
- Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.
- Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación.

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 18/03/2019, o Pleno pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación Local, ACORDA:

1º. A adhesión do Concello de Allariz ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

2º. Facultar ao Alcaldesa de Allariz a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

**5. Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a implantación da historia social única electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.- Adhesión, se procede**

Visto o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP de data 11 de novembro de 2016 que ten por obxecto o impulso da posta en funcionamento da Historia Social Única Electrónica nas Entidades Locais da comunidade autónoma de Galicia, que establece os mecanismos adecuados para asegurar a coordinación e intercambio de información entre as partes asinantes que é de aplicación para a Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia e para toda a Administración local de Galicia, incluíndo as Entidades locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Considerando que o convenio constitúe o marco xurídico dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo I ao convenio.

Tendo en conta o indubable interés público que motiva o citado convenio de colaboración e a conveniencia da súa adhesión por parte do Concello de Allariz.

De conformidade co dictamen favorable da comisión de facenda do 18/03/2019, o Pleno pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación Local, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobala adhesión do concello de Allariz ó convenio de colaboración de data 11 de novembro de 2016 asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a implantación da historia social única electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

SEGUNDO. Asumir expresamente os compromisos derivados da adhesión ó convenio, especialmente os relativos ao financiamento das accións que se deriven do seu cumprimento, así como as obrigas das entidades locais contempladas no capítulo terceiro e as comúns ás que fai referencia o capítulo quinto do convenio de colaboración.

TERCEIRO. Facultar á Alcaldesa, Maria Cristina Cid Fernández, para que solicite a adhesión do Concello de Allariz ao convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a implantación da Historia Social Única Electrónica nas entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **6. Moción do PP sobre a supresión de Barreiras Arquitectónicas no noso Concello.**

Vista a moción de data 18 de marzo de 2019 promovida polo PP da que deu conta o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, nos seguintes termos:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.- A Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade establece na sección 1ª -Edificios de uso público- do capítulo II -Disposicións sobre accesibilidade na edificación-, que os accesos a todo edificio de uso público deberán garantir a accesibilidade ao seu interior mediante itinerarios accesibles facilmente localizables que o comuniquen coa vía pública.

A Lei 10/2014 fundaméntase, entre outros, nos principios de accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, inclusión social e igualdade de oportunidades.

Conforme establece a disposición adicional primeira da lei as administracións públicas de Galicia, no ámbito das súas competencias, elaborarán os plans de adaptación e supresión de barreiras previstos na lei respectando os prazos establecidos na lexislación estatal.

A disposición adicional primeira tamén establece que as administracións públicas de Galicia establecerán anualmente fondos para investimentos destinados ao cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non-discriminación.

2.- No referente á comunicación horizontal os espazos do Concello que albergan os diferentes usos ou servizos terán características tales que lles permitan a súa utilización independente ás persoas con discapacidade e estarán comunicados por itinerarios accesibles e comprensibles.

Existirá, polo menos, un itinerario accesible a nivel que comunique entre si todo punto accesible situado na mesma cota, o acceso e saída de planta e o núcleo de comunicación vertical accesible.

No referente á comunicación vertical, entre os espazos accesibles situados en cotas distintas do edificio do Concello existirá, polo menos, un itinerario accesible entre os diferentes niveis que contará, como mínimo, cun medio accesible alternativo ás escaleiras. Como edificio de uso público de máis dunha planta, o edificio do Concello de Allariz, contará, polo menos, cun ascensor ou cunha rampla accesible.

O edificio do Concello deberá dispoñer de aseos accesibles nas zonas de uso público.

Ademais, no salón de Plenos dispoñeranse asentos convertibles ao carón do itinerario accesible e espazos reservados para persoas usuarias de cadeira de rodas.

É evidente que o edificio do Concello de Allariz non cumpre ningunha das condicións establecidas pola Lei 10/2014, de accesibilidade para os edificios de uso público.

3.- A citada lei entrou en vigor o 17 de marzo de 2015, e desde entón o grupo de goberno do BNG non tomou ningunha medida para suprimir as barreiras arquitectónicas do edificio do Concello.

A administración, neste caso o Concello, debe ser a primeira en cumprir a lei, mais si o

incumprimento da mesma da lugar a unha discriminación das persoas con minusvalía física.

O Concello, polo tanto, ten a obrigación legal e moral de suprimir as barreiras arquitectónicas do edificio que é de todos e debe ser accesible para todos.

A estas alturas do século XXI non é de recibo que polo equipo de goberno do BNG non se teña dado ningún paso para facer accesible o edificio do Concello a todos os cidadáns sen discriminacións.

4.- Conforme á disposición transitoria cuarta da Lei 10/2014 segue vixente, ata a entrada en vigor do desenvolvemento normativo recollido nela, o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 74/2013, do 18 de abril, para a súa adaptación á Directiva 95/16/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas a ascensores.

5.- O *Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley general de derechos de las personas con discapacidad y de su inclusión social* establece no artigo 34 que as administracións públicas habilitarán nos seus orzamentos as consignacións necesarias para a financiación das adaptacións dos inmobles que de elas dependan. No artigo 69 tamén establece que as administracións públicas, no ámbito das súas competencias, promoverán o establecemento de medidas para evitar calquera forma de discriminación por motivo ou razón de discapacidade.

Por outro lado, o *Real Decreto Legislativo 1/2013* establece como prazo máximo para o cumprimento das condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para os bens de titularidade pública existentes en 2010, como é o caso do edificio do Concello de Allariz, o 4 de decembro de 2015.

Pasaron máis de tres anos da data límite para a implantación de medidas para a supresión de barreiras arquitectónicas no edificio do Concello e seguimos igual que fai 30 anos.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo municipal do PP de G de Allariz formula a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

1.- Que polo Concello de Allariz se tomen urxentemente as medidas necesarias para dar cumprimento no edificio do Concello da normativa sobre accesibilidade en edificios de uso público establecida na Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade e no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, modificado polo Decreto 74/2013, do 18 de abril, para a súa adaptación á Directiva 95/16/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño, sobre aproximación das lexislacións dos Estados membros relativas a ascensores.

2.- Que se habiliten os fondos necesarios para a elaboración dos plans e para a execución das obras de adaptación e supresión de barreiras arquitectónicas no edificio do Concello na comunicación vertical e horizontal, a dotación de aseos accesibles nas zonas de uso público e a habilitación do salón de Plenos para persoas con minusvalía física.

*Allariz, 18 de marzo de 2019. Asinado pola voceira do Partido Popular, Luz Doporto Real.*



## Transacción

Transacción que propón o BNG, que substituiría, de ser aprobada, a proposta de acordo que contén a moción:

*Revisar o estudo técnico para a supresión de barreiras arquitectónicas así como incorporar en diferentes exercicios partidas para a eliminación progresiva destas barreiras, habilitando neste exercicio a primeira planta.*

Despois dun breve intercambio de suxerencias entre os dous grupos políticos sobre a redacción final do acordo transaccional, quedou redactada a parte resolutiva da moción, nos seguintes termos:

**Realizar un estudo técnico e implantar en 3 anos as solucións técnicas necesarias para cumprir a lexislación vixente.**

Debatida amplamente a moción nos termos expostos, someteuse a votación, quedando aprobada pola unanimidade dos once concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Coporación local, coas modificacións introducidas na parte resolutiva conforme ó acordo transaccional antes exposto.

## **7. Rogos e preguntas.**

Non se presentaron por escrito nin rogos nin preguntas. Presencialmente, de forma oral, a portavoz do grupo municipal do Partido Popular, Luz Doporto Real, formula os seguintes:

### 7.1 Rogos:

7.1.1 Usuarios das piscinas municipais téñenlle manifestado queixas por deficiencias nas instalacións por falta de mantemento. Achegan incluso fotografías dos vestiarios con portas das taquillas rotas, sen pechaduras, colgadores arrancados, co perigo e risco que eso supón; humidades por todo o recinto do ximnasio en mal estado, polo que roga que se poña en marcha unha reforma corrixindo estas deficiencias para dar un servizo en óptimas condicións hixiénicas e de seguridade.

Responde a Alcaldesa sinalando que toma nota do rogo aínda que, por suposto, pode haber algunha cuestión puntual, pero alí hai material para poder substituír a porta dunha taquilla cando se rompe, practicamente no momento, e non hai constancia de que exista unha deixadez. Tómase nota e estarase vixiantes para comprobalo, afirma.

A portavoz do Partido Popular comprométese a trasladarlle ó grupo de goberno as fotografías.

7.1.2 As ruínas do muiño que está a carón da Acearrica está nun estado claro de abandono, sexa propiedade ou non do concello, o certo que é que a maleza crece sen parar dando unha imaxe terrible nunha zona moi importante para a visibilidade do entorno do noso río e ademais non é exemplarizante para as restantes propiedades ás que se lle esixe limpeza e seguridade. Roga que as brigadas, na medida que poidan, fagan limpeza ou se ordene que se limpe, se fora o caso.

Responde a Alcaldesa sinalando que toma nota do rogo. Normalmente, o coidado do entorno dese muniño faino o propio concello. Tense cambiado as portas do muniño para que non se poda acceder a él e volveranse a tapiar para impedir o acceso. En canto á limpeza, farase por parte do concello, pero o certo é que a Confederación Hidrográfica ten advertido que é competencia deles, pero que sen embargo, non o executan.

## 7.2 Preguntas.

7.2.1 Observe que a través do Programa RE se están a repartir cinco mil litros de compost xenerados nas illas de composteiros comunitarios e quere saber cál é o modo de reparto, cómo se comunica ós veciños a posibilidade de solicitalo, ónde se recolle e cáles son os criterios que se utilizan para adxudicar ese compost.

Responde a Alcaldesa sinalando que o sistema vai ser extremadamente sinxelo porque na propia illa de compostaxe calquera persoa pode ir e recollelo co propio cubo; igual que poden verter libremente, tamén poden recollelo. Tamén se está pensando en facer un reparto no mercado da biosfera os sábados pola mañá.

7.2.1 En relación cunha edificación sita no lugar de Cardanachama, recorda o concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, que no penúltimo pleno fixéronse unha serie de preguntas que aínda non se contestaron. No último pleno volveuse a preguntar por esta cuestión, cál era a situación do expediente, se se ordenara a paralización das obras, se se abría expediente, díxose que había un informe técnico, que se pasara ó Secretario para que fixera o seu propio informe. Non se ten coñecemento deste asunto, falouse de reunir ós portavoces dos grupos pero séguese sen saber cál é situación deste tema. Hai constancia de que se seguen facendo obras nesta edificación o cal é unha cousa seria, porque se se ten que ordenar a paralización que se ordene xa.

Responde a Alcaldesa sinalando que, efectivamente, estase demorando o informe. Ten habido outros asuntos que teñen relegado a preparación deste documento, pero asume o compromiso de que na próxima semana se faga e se dé traslado.

O Concelleiro reitera que non obstante se poder tomar medidas para evitar males maiores.

Sinala a Alcaldesa que no informe técnico non se indica que deba facerse paralización das obras, se ben admite que está pendente de contestar todas e cada unha das alegacións feitas. Tampouco observa unanimidade entre os veciños sobre este asunto, tal como ella mesma poido comprobar in situ.

Finalmente, a Alcaldesa, *dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e corenta e cinco minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

*A Alcaldesa, María Cristina Cid Fernández.*

*Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.*